

A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Secretaría Xeral de Política Social organiza este programa de promoción do envellecemento activo e convivencia, destinado ás persoas maiores que se atopan soas nestas datas, xa sexa pola carencia de familiares ou amigos, a perda do seu cónxuxe ou por outras circunstancias.

Prazas e destinos

Ofértanse un total de **240** prazas distribuídas do seguinte xeito:

- 120 na Residencia de Tempo Libre do **Carballiño**, para as persoas solicitantes das provincias de **Lugo e Pontevedra**.
- 120 na Residencia de Tempo Libre de **Panxón**, en Nigrán para as persoas solicitantes das provincias de **Ourense e A Coruña**.

Residencia de Tempo Libre do Carballiño (Ourense) e Panxón en Nigrán (Pontevedra)

Datas e servizos

Este programa vai desenvolverse entre o **23 de decembro de 2014 e o 2 de xaneiro de 2015**, e comprende os seguintes **servizos**:

- Estancia na residencia durante 11 días (10 noites).
- Aloxamento, en habitacións compartidas, e manutención en réxime de pensión completa.
- Desprazamento en autobús desde os lugares que se establezan nas localidades de Santiago, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense ata as residencias de tempo libre e viceversa.
- Actividades de animación sociocultural.

A recollida das persoas participantes efectuarase o día **23 de decembro** pola mañá e o regreso o día **2 de xaneiro** despois do xantar.

Persoas beneficiarias:

Para beneficiarse deste programa haberá que reunir os seguintes requisitos:

- a. Ser maior de 60 anos (telos cumpridos no momento en que remate o prazo de presentación de solicitudes).
- b. Estar empadroadado nalgún dos concellos galegos.
- c. **Ter que pasar só/a as datas do Nadal.**
- d. **Valerse por si mesmo enon padecer** enfermidade infecto - contaxiosa activa **nin trastornos mentais ou condutuais non compensados que poidan alterar a convivencia**
- e. Non estar acollido/a en ningún centro residencial.

Para a selección dos participantes daráselle **preferencia** ás persoas que:

- realmente vivan soas e non teñan con quen pasar estas datas.
- teñan máis idade.
- teñan un menor nivel de ingresos económicos.
- non participaran en pasadas edicións do Programa Xuntos polo Nadal nin este ano no de Benestar en balnearios ou nos de Termalismo e/ou Vacacións do IMSERSO.